

ANEXO III

BAREMO

Conceptos	Valoración	Documentos xustificativos
I. Formación e perfeccionamento		
<p>1.1. Actividades de formación superadas</p> <p>Por actividades superadas que teñan por obxecto o perfeccionamento sobre aspectos científicos e didácticos das especialidades do corpo ao que pertenza o participante, ás prazas ou postos aos que opte ou relacionadas coa organización escolar ou coas tecnoloxías aplicadas á educación, organizadas polo Ministerio de Educación, as Administracións educativas das Comunidades Autónomas, por institucións sen ánimo de lucro sempre que as devanditas actividades fosen homologadas ou recoñecida polas Administracións educativas, así como as organizadas polas Universidades.</p> <p>Puntuaranse con 0,1000 puntos por cada 10 horas de actividades de formación acreditadas. A estes efectos sumaranse as horas de todas as actividades, non puntuándose o resto do número de horas inferiores a 10. Cando as actividades viñesen expresadas en créditos entenderase que cada crédito equivale a 10 horas.</p>	Ata 6,0000 puntos	Fotocopia compulsada do certificado destas expedido pola entidade organizadora no que conste de modo expreso o número de horas de duración da actividade. No caso das organizadas polas institucións sen ánimo de lucro deberase ademais acreditar fehacientemente o recoñecemento ou homologación das devanditas actividades pola Administración educativa correspondente, ou certificado de inscrición no rexistro de formación da Administración educativa.
<p>1.2. Pola impartición das actividades de formación e perfeccionamento indicado no subapartado 1.1.</p> <p>Puntuarase con 0,1000 puntos por cada 3 horas de actividade de formación acreditada. Con esta finalidade sumaranse as horas de todas as actividades, non puntuándose o resto de número de horas inferiores a 3. Cando as actividades viñesen expresadas en créditos entenderase que cada crédito equivale a 10 horas.</p>	Ata 3,0000 puntos	Fotocopia compulsada do certificado ou documento acreditativo da impartición da actividade, no que conste de modo expreso o número de horas de duración da actividade. No caso das organizadas polas institucións sen ánimo de lucro deberase ademais acreditar fehacientemente o recoñecemento ou homologación das ditas actividades pola Administración educativa correspondente ou certificado de inscrición no rexistro de formación da Administración educativa.
<p>1.3. Por cada especialidade da que sexa titular correspondente ao Corpo polo que se concursa e distinta á de ingreso no mesmo, adquirida a través do procedemento de adquisición de novas especialidades previsto no Real Decreto 850/1993, do 4 de xuño, 334/2004, do 27 de febreiro e 276/2007, do 23 de febreiro (Aos efectos deste subapartado, no caso dos corpos de catedráticos valoraranse as especialidades adquiridas no correspondente corpo de profesores).</p>	1,0000 punto	Fotocopia compulsada da credencial de adquisición da nova especialidade expedida pola Administración educativa correspondente.
<p>2. Outros méritos formativos:</p> <p>(Actividades de formación do profesorado que deberán ser organizadas ou homologadas polas administracións educativas ou as universidades).</p>		Fotocopias cotexadas das certificacións acreditativas
<p>2.1. Actividades relacionadas coa orientación educativa ou coa atención á diversidade.</p>	0,10 por cada 10 horas Ata 2,0000 puntos	Fotocopias cotexadas das certificacións acreditativas
<p>2.2. Actividades relacionadas coas estratexias de intervención, organización e dinámica de grupos, coas tecnoloxías da información e da comunicación, ou con aspectos curriculares, metodolóxicos e de avaliación.</p>	Ata 1,0000 punto	Fotocopias cotexadas das certificacións acreditativas

<p>3. Publicacións</p> <p>3.1. Por publicacións de carácter didáctico e científico sobre disciplinas obxecto do concurso ou directamente relacionadas con aspectos xerais do currículo ou coa organización escolar.</p> <p>Aquelas publicacións que, estando obrigadas a consignar o ISBN en virtude do disposto polo Decreto 2984/1972, do 2 de novembro, modificado polo Real decreto 2063/2008 de 12 de decembro ou, se é o caso, ISSN ou ISMN, carezan deles, non serán valoradas, así como aquelas nas que o autor sexa o editor das mesmas.</p> <p>Para a valoración destas publicacións deberanse presentar os documentos xustificativos indicados neste subapartado coas esixencias que así se indican.</p> <p>Puntuación específica asignable aos méritos baremables por este apartado:</p> <p>a) Libros nos seus distintos formatos (papel ou electrónico):</p> <ul style="list-style-type: none"> - Autor ata 1,0000 puntos - Coautor ata 0,5000 puntos - 3 Autores..... ata 0,4000 puntos - 4 Autores ata 0,3000 puntos - 5 Autoresata 0,2000 puntos - Mas de 5 Autores ata 0,1000 puntos. <p>b) Revistas nos seus distintos formatos (papel ou electrónico):</p> <ul style="list-style-type: none"> - Autor ata 0,2000 puntos - Coautor ata 0,1000 puntos - 3 ou máis Autoresata 0,0500 puntos. 	<p>Máximo 3 puntos</p>	<p>- No caso de libros, a seguinte documentación:</p> <p>* Os exemplares correspondentes.</p> <p>* Certificado da editorial onde conste: Título do libro, autor/es, ISBN, depósito legal e data da primeira edición, ou número de exemplares e que a difusión destes foi en librarías comerciais.</p> <p>En relación cos libros editados por Administracións Públicas e Universidades (públicas-privadas), que non se difundiron en librarías comerciais, ademais dos datos anteriores, no certificado deben constar os centros de difusión (Centros educativos, centros de profesores, institucións culturais, etc.).</p> <p>Nos supostos en que a editorial ou asociación desaparecesen, os datos requiridos neste certificado haberán de xustificarse por calquera medio de proba admisible en dereito.</p> <p>- No caso de revistas, a seguinte documentación:</p> <p>*Os exemplares correspondentes.</p> <p>*Certificado no que conste: o número de exemplares, lugares de distribución e venda, ou asociación científica ou didáctica, legalmente constituída, á que pertence a revista, título da publicación, autor/es, ISSN ou ISMN, depósito legal e data de edición.</p> <p>En relación coas revistas editadas por Administracións Públicas e Universidades (públicas-privadas), que non se difundiron en establecementos comerciais, ademais dos datos anteriores, no certificado deben constar os centros de difusión (centros educativos, centros de profesores, institucións culturais, etc.).</p> <p>-No caso de documentos en formato electrónico, para ser valorados deberán ir acompañados por un informe no cal o organismo emisor certifique en que base de datos bibliográfica aparece a publicación. Neste documento indicaranse ademais, os seguintes datos: o título da publicación, autor/es, data da publicación e depósito legal.</p>
<p>4. Méritos académicos:</p> <p>Aos efectos da súa valoración por este apartado, unicamente teranse en conta, os títulos universitarios oficiais con validez no Estado español.</p>	<p>Máximo 3,0000 puntos</p>	
<p>4.1. Doutoramento, posgraos e premios extraordinarios:</p> <p>4.1.1. Por posuír o título de Doutor (1 punto por cada título)</p>	<p>Máximo 2,0000 puntos</p>	<p>Fotocopia compulsada do título ou certificación do aboamento dos dereitos de expedición do título ou certificado supletorio da titulación expedida de acordo co previsto, no seu caso, na Orde do 8 de xullo de 1988 (BOE do 13) ou na Orde do 13 de agosto de 2007 (BOE do 21) ou no Real decreto 1002/2010, do 5 de agosto, sobre expedición de títulos universitarios oficiais (BOE do 6 de agosto).</p>
<p>4.1.2. Polo título universitario oficial de Master distinto do requirido para o ingreso á función pública docente, para cuxa obtención se esixan, polo menos, 60 créditos:</p>	<p>1,0000 puntos</p>	<p>A mesma documentación xustificativa que se indica para xustificar os méritos do subapartado 4.1.1.</p>

<p>4.1.3. Polo recoñecemento da suficiencia investigadora, ou o certificado-diploma acreditativo de estudos avanzados. Este mérito só se valorará cando non se alegue a posesión do título de Doutor.</p>	<p>0,1000 puntos</p>	<p>Fotocopia compulsada do certificado-diplomada correspondente.</p>
<p>4.2. Outras titulacións universitarias: As titulacións universitarias de carácter oficial, no caso de que non fosen as esixidas con carácter xeral para o ingreso no corpo dende o que se participa, valoraranse da forma seguinte:</p>		
<p>4.2.1. Titulacións de Grado:</p>		<p>A mesma documentación xustificativa que se indica para xustificar os méritos do subapartado 3.1.1</p>
<p>4.2.2. Titulacións de primeiro ciclo: Pola segunda e restantes diplomaturas, enxeñaría técnica, arquitecturas técnicas ou títulos declarados legalmente equivalentes e polos estudos correspondentes ao primeiro ciclo dunha licenciatura, arquitectura ou enxeñaría: No caso de persoal funcionario docente do subgrupo A1, non se valorarán por este apartado, en ningún caso, o título ou estudos desta natureza que sexan necesarios superar para a obtención do primeiro título de licenciado, enxeñeiro ou arquitecto que se presente. Non se valorarán os primeiros ciclos que permitisen a obtención de outras titulacións académicas de ciclo longo que se aleguen como méritos.</p>	<p>0,25000 puntos</p>	<p>Fotocopia compulsada de todos os títulos que se posúan ou certificado do aboamento dos dereitos de expedición expedida de acordo co previsto na Orde de 8 de xullo de 1988 (B.O.E do 13). Para a valoración dos estudos correspondentes ao primeiro ciclo dunha licenciatura, arquitectura ou enxeñaría, certificación académica onde conste de forma expresa que se superaron todas as materias ou créditos conducentes para a obtención de ditos título ou ciclos.</p>
<p>4.2.3. Titulacións de segundo ciclo: Polos estudos correspondentes ao segundo ciclo de licenciaturas, enxeñaría, arquitecturas ou títulos declarados legalmente equivalentes: No caso de persoal funcionario docente do subgrupo A1, non se valorarán por este apartado, en ningún caso, os estudos desta natureza que sexan necesarios superar (primeiro ciclo, segundo ciclo, ou, no seu caso, ensinanzas complementarias), para a obtención do primeiro título de licenciado, enxeñeiro ou arquitecto que se presente. As titulacións de solo segundo ciclo e os títulos declarados equivalentes a tódolos efectos ao título universitario de licenciado, unicamente se valorarán como un segundo ciclo.</p>	<p>0,50000 puntos</p>	
<p>5. Antigüidade:</p>		
<p>5.1. Cada ano de servizo como funcionaria/funcionario (non se computarán os esixidos como requisito). (0,2 puntos por ano)</p>	<p>Máximo 3,0000 puntos</p>	
<p>5.2. Cada ano de servizo nunha praza directamente relacionada coa orientación. (0,2 puntos por ano)</p>	<p>Máximo 1,0000 puntos</p>	

5.3. Por cada ano de servizo no EOE (0,5 puntos por ano)	Máximo 2,0000 puntos	
6. Proxecto de traballo en relación a praza solicitada (puntuación mínima esixida: 5 puntos)	10,0000 puntos	Proxecto segundo as especificacións establecidas no artigo 5.2